



Convenio Marco entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial, INTA, e a empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, S.L. sobre a colaboración educativa nas ensinanzas de formación profesional.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria formalizou, o vinte e sete de xuño de dous mil dezaseis, co Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial, INTA, e a empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, S.L. o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de catro anos.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer a colaboración no eido da formación profesional, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial, INTA, e a empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, S.L., nos seguintes campos de actuación:

- a) Establecemento dun programa de formación en centros de traballo, para o alumnado que curse formación profesional inicial e o desenvolvemento do mesmo nas instalacións do INTA, e da empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, S.L..
- b) Colaboración na formación do alumnado, mediante a impartición conxunta de ensinanzas de formación profesional.
- c) Orientación na formación e actualización do profesorado dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- d) Obtención de titulacións de formación profesional e certificados de profesionalidade por parte dos traballadores e das traballadoras da empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, S.L., dentro do Plan de recoñecemento da experiencia profesional que desenvolve a consellería.





- e) Impulso de un sistema de formación dual entendida como un conxunto de acciones e iniciativas formativas, que favoreza e complemente a adquisición das competencias profesionais do alumnado, coa actividade formativa recibida no centro educativo.
- f) Desenvolvemento de proxectos de innovación tecnolóxica ou científica e proxectos de innovación didáctica no ámbito da formación profesional nos centros públicos, dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- g) Cesión de equipamentos para a realización de prácticas nos centros de formación profesional.
- h) Promoción e difusión das ensinanzas de formación profesional aeronáuticas polo INTA e pola empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, S.L.
- i) Calquera outra colaboración de interese para ambas partes, emprendemento, prevención de riscos laborais, etc.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1. Na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, que modifica a redacción do apartado 2 do artigo 39 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e determina no punto 32 que a formación profesional, no sistema educativo, ten por finalidade preparar ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación as modificacións laborais que poidan producirse ao longo da súa vida, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación para o emprgo, así como o aprendizaxe ao longo da vida. Igualmente, modifícase a redacción do apartado 2 do artigo 42, que contempla que o currículo das ensinanzas de formación profesional incluírá unha fase de formación práctica nos centros de traballo, da que poderán quedar exentos quen acredite una experiencia laboral que se corresponda cos estudos profesionais cursados. As Administracións Educativas regularán esta fase e a mencionada exención.





2. Na Lei orgánica 5/2002, de 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, ten por obxecto a ordenación dun sistema integral de formación profesional, cualificación e acreditación que responda con eficacia e transparencia ás demandas sociais e económicas a través das diversas modalidades formativas. Con este fin créase o Sistema Nacional das Cualificacións e da Formación Profesional, e no seu marco orientaranse as accións formativas programadas e desenvolvidas en coordinación coas políticas activas de emprego e de fomento da libre circulación de traballadores.

3. No Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, que na súa disposición adicional segunda contempla a relación coas empresas.

4. No interese en colaborar coa consellería no campo da formación e da aprendizaxe, a través de diferentes actuacións, das partes asinantes:

- do Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial, INTA, Organismo Público de Investigación especializado na investigación e no desenvolvemento tecnolóxico aeroespacial que ten, en Castro de Rei (Lugo), o Centro de Investigación Aeroportada de Rozas (CIAR).
- da empresa Actividades Aeronáuticas Lucenses, S.L. como centro de mantemento de aeronaves autorizado para avións, helicópteros, ULM, barcos de vela, sito no Aeródromo de Rozas (Lugo).

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase dixitalmente esta memoria, en Santiago de Compostela.

O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Manuel Corredoira López

